

## O PROXECTO DE LEI DE COOPERATIVAS DE GALICIA

[Resumo da intervención do catedrático de Dereito Mercantil  
e presidente do Consello Económico e Social de Galicia,  
D. Luis Suárez-Llanos Gómez, no curso de posgrao de  
Dirección e Xestión de Cooperativas e Pemes]<sup>1</sup>

MARÍA PILAR BELLO MARTÍN-CRESPO  
Departamento de Dereito Mercantil e do Traballo  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

*Recibido:* 19 novembro 1997

*Aceptado:* 13 xaneiro 1998

A intervención consistiu nunha exposición crítica do contido do Anteprojecto de lei de cooperativas de Galicia, anteprojecto que foi recollido posteriormente, unha vez cumpridos os trámites oportunos, no proxecto de lei que se presentou ó Parlamento o 24 de marzo de 1997. O profesor Suárez-Llanos incluíu na súa disertación tanto valoracións persoais sobre o texto proxectado como as contidas no preceptivo dictame emitido polo Consello Económico e Social, de acordo coas funcións que ten legalmente asignadas.

Logo de facer un rápido repaso do *iter* percorrido ata o momento polo proxecto, así como da regulación de cooperativas no ámbito estatal e nas comunidades autónomas, da que salientou, pola súa calidade técnica, a Lei de cooperativas de Euskadi de 1993, entrou na valoración do texto, da que extractamos a continuación os aspectos máis relevantes.

En relación á cualificación do proxecto que se fai na exposición de motivos como "regulación propia avanzada", sinalou que o texto foi o resultado dun seguimento textual e conceptual, na maior parte do seu articulado, da Lei de cooperativas en vigor no Estado, de 2 de abril de 1987, e das leis existentes ntras comunidades autónomas, especialmente na Lei de cooperativas de Euskadi. Esta utilización dos precedentes que, en principio, non sería nin boa nin mala, pode ser criticable na medida en que sexa o resultado dunha renuncia a unha reflexión le-

---

<sup>1</sup> A intervención tivo lugar o día 6 de novembro de 1997 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

xislativa propia que puidera ir máis alá, retomando unha serie de tendencias novas presentes na doutrina, no movemento cooperativo internacional e, en coherencia con eles, no Proxecto de regulamento de cooperativa europea. Neste contexto, non parece positivo basear unha futura lei galega unicamente en regulacións anteriores, a estatal en transo de ser modificada.

Así mesmo expresou a súa opinión sobre a excesiva extensión do articulado. O proxecto conta con 143 artigos seguidos de disposicións adicionais, transitorias, unha derogatoria e finais, amplitude, polo demais, similar á dos textos lexislativos do noso ámbito estatal. Pero, ademais, prevé posteriores desenvolvementos lexislativos: un regulamento de rexistro de cooperativas e unhas normas de desenvolvemento da lei. Todo iso, unido ás cláusulas estatutarias de cada cooperativa e ás normas de réxime interno, dá como resultado un complexo entramado xurídico que pode dificulta-lo coñecemento do réxime normativo aplicable. Por outra parte, como puxo de manifesto ó finaliza-la clase en contestación a unha das preguntas dos alumnos, pode supoñer un entorpecemento do desenvolvemento cooperativo xa que, dado o carácter imperativo do que se prevé que estea revestida a futura lei, a marxe de autorregulación no seo das cooperativas quedará notablemente reducido. A propósito de todo isto, fixo un percorrido pola lexislación na materia nos diferentes países europeos, lexislación desenvolvida, xeralmente, en normas de regulación de extensión reducida (como, por exemplo, o Estatuto xeral de cooperación francés, que conta con 43 artigos, ou as leis especiais de Irlanda e do Reino Unido sobre sociedades industriais e mutuas, de 37 e 78 artigos, respectivamente) que permiten, non obstante, un desenvolvemento posterior máis específico para tipos especiais de cooperativas.

Entrando xa no devandito articulado do texto, o profesor Suárez-Llanos destacou a existencia dalgúns deficiencias de carácter técnico como, por exemplo, a de defini-la cooperativa no artigo 1 como unha "empresa de propiedade conxunta", descrición que non é coherente coa natureza de persoa xurídica propia de toda cooperativa, que será a única titular do patrimonio cooperativo; ou a de non internarse na descrición da división do capital en participacións como partes alícuotas deste e transmisibles; ou a superación do principio cooperativo dun voto por persoa ó xeneraliza-la admisión do voto plural no caso de socios que non sexan persoas xurídicas.

Pero o punto central da súa valoración xirou en torno á estrutura orgánica prevista no texto proxectado. O proxecto mantén, en primeiro lugar, a figura dos interventores, como ocorre en tódolos textos lexislativos do noso ámbito estatal. A Lei de cooperativas de Euskadi configúraos cunha estrutura colexiada. Pero tanto a doutrina como o proxecto comunitario van noutro sentido, porque é un feito que a figura dos interventores, como a dos accionistas censores nas sociedades anónimas, demostrou a súa ineficacia na práctica. E así se explica que a nova normativa sobre as sociedades de capitais prescindira deles. Sería mellor prescindir deste

sistema substituíndo os interventores pola esixencia dunha auditoría externa xeneralizada e a delimitación de contidos precisos ó dereito de información do socio.

Polo que respecta ó órgano de administración, debería terse introducido o sistema de administración dualista en sintonía co proxecto de regulamento da UE, cunha dirección encomendada a unha soa persoa ou a un máximo de tres (non necesariamente socios da cooperativa e nomeados polo Consello de Vixilancia) e un Consello de Vixilancia formado por un número variable de membros designados pola Asemblea Xeral, de entre os socios da cooperativa. Á Dirección corresponderíalle o exercicio das facultades ordinarias de xestión e de representación da cooperativa e ó Consello de Vixilancia o control do exercicio daquelas facultades e tamén a autorización para a realización de determinados actos de administración extraordinaria sinalados na lei ou nos estatutos. Os dous órganos integrarían a administración da sociedade cooperativa e os seus compoñentes estarían sometidos, en principio, ó mesmo réxime de responsabilidade civil polos danos ocasionados como consecuencia de actuacións negligentes ou, simplemente, contrarias á lei ou ós estatutos.

Finalmente aludiu ás diferentes clases de cooperativas, que reproducen as recollidas na lei estatal e nas leis das comunidades autónomas, coa previsión dunha figura propia: a cooperativa de explotación de produtos acuícolas.

A tramitación do proxecto foi interrompida pola disolución do Parlamento como consecuencia da convocatoria de eleccións ó Parlamento de Galicia. Haberá que ver se se reelabora o texto ante a gran cantidade de emendas propostas polos diferentes grupos parlamentarios ou se se mantén a súa redacción para a súa tramitación parlamentaria.